



ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE SADA
CURSO 2020/2021

BENVIDA:

Estimadas Familias:

Como ben sabedes achégase o inicio dun novo curso na Escola Municipal de Música de Sada e queremos aproveitar para darvos unha cariñosa saúdo de benvida e para desexar que esta edición o alumnado progresa e goce coas clases. Temos moitas ganas de montar novas audicións e concertos e agardamos que co progreso do alumnado poidamos ofrecer ao longo deste curso actuacións abertas ao público.

Pero como podeades imaxinar neste curso é preciso que implantemos algunhas medidas dirixidas a crear un espazo de formación adaptado á situación sanitaria. A prevención contra a pandemia COVID-19 segue precisando que modifiquemos hábitos e costumes diarios para evitar aquelas condutas que supoñen un maior risco de contaxio. Por iso mantivemos reunións co equipo directivo da Escola de Música e observamos con atención as medidas implantadas nos centros educativos para organizar a “volta ao cole”. Tamén dispoñemos de exemplos das medidas que se van implantar noutros espazos culturais, noutras escolas de música e nos conservatorios. Toda esa información vaíse a incorporar e aplicar en coordinación co “Protocolo sanitario de usos da Casa da Cultura Pintor Lloréns”.

Queremos agradecer a implicación e compromiso que as familias e participantes tedes coa actividade da Escola Municipal de Música de Sada: co voso esforzo, confianza e implicación estamos a conseguir unha formación de calidade ano tras ano. En condicións tan extraordinarias como as actuais, queremos contar máis ca nunca con todos e todas vós. É preciso o contacto e a proximidade para resolver dúbidas e acompañarnos. Por iso pregámosvos que gravedes os seguintes teléfonos de contacto do equipo directivo:

- Marta Castanedo: 600 602 915
- María Rodríguez: 616 979 526
- Ileana Delgado: 617 890 181

A continuación desenvolvemos as medidas organizativas que entre todas debemos cumprir para conseguir un desenvolvemento “sanitariamente seguro” das clases de música e que conformarán o PLAN DE ADAPTACIÓN PARA PREVENCIÓN DA COVID-19 NO CURSO 2020/2021 DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE SADA.

Un cordial saúdo e moitas grazas pola vosa atención e implicación.

DIRECCIÓN DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA
CONCELLERÍA DE CULTURA



PLAN DE ADAPTACIÓN PARA A PREVENCIÓN DA COVID-19
CURSO 2020/2021 ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE SADA

MEDIDAS DE PREVENCIÓN BÁSICA

DENOMINACIÓN DO CENTRO, ENDEREZO, TELÉFONOS

CENTRO: Casa da Cultura Pintor Lloréns.

ENDEREZO: Av. Do Porto s/n 15160, Sada <https://www.sada.gal/ga/post/casa-da-cultura-pintor-llorens-sada>

TELÉFONO: 981 61 91 15

WEB: sada.gal

ESTRUTURA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA

Escola Municipal de Música de Sada			
NOME	FUNCÍONS	MAIL	TLF
Marta Castanedo	Dirección e docencia da E.M.M.S.	mcastanedosanmartin@yahoo.es	600 60 29 15
María Rodríguez	Xefatura de Estudos e docencia na E.M.M.S.	m.rodriguez_sada@hotmail.com	616 979 526
Paola Mondaca	Concelleira de Cultura	paola.mondaca@sada.gal	981 62 00 75 ext 500
Ileana Delgado	Secretaría e docencia na E.M.M.S.	vocaleana@gmail.com	617 890 181
Diana García	Dirección Casa da Cultura	diana.garcia@sada.gal	981 61 91 15

ESPAZO ILLAMENTO COVID

LOCALIZACIÓN: establécese o CAMERINO 1 como espazo para illamento ante incidencias.

PROTOCOLO: ver punto de medidas de protección individual.

ORGANIZACIÓN DAS CLASES

- **Nas clases de Música e Movemento I e II, Linguaxe Musical de 1º a 5º e Coros Infantil e Adultos** o alumnado dividirase en dous grupos que asistirán ás clases presenciais de forma alterna, para poder cumprir na aula coa distancia de seguridade sanitaria establecida.
- As profesoras responsables destes grupos atenderán ao seu alumnado permanentemente, tanto si a clase é presencial como telemática.
- As clases individuais/instrumentais mantéñense no formato presencial.

MEDIDAS ESPECÍFICAS

- As clases impartiranse nas aulas de referencia para cada nivel ou instrumento, dentro da Casa da Cultura. A Banda Municipal, Banda Xuvenil e Coro Infantil ensaiarán no auditorio



municipal, tendo en conta que dispón dunha superficie útil de 376 m² que permite respectar distancias entre participantes.

- Os espazos de cada clase serán ventilados un mínimo de 10 minutos antes do comezo de cada sesión. Tamén se desinfectarán os pupitres antes do inicio de cada sesión. Para permitir esta ventilación adáptase a duración das clases:
 - As clases de instrumento son individuais e terán unha duración de media hora.
 - As clases de música e movemento durarán 40 minutos.
 - A clase de coro infantil terá unha duración de media hora.
 - As clases de linguaxe musical durarán 50 minutos.
- Tendo en conta as medidas anteriores, os horarios do curso 2020/2021, para os grupos, serán os seguintes:

HORARIOS EMMS CURSO 2020/2021			
DÍA	HORARIOS	CONTIDOS	OBSERVACIÓNS
LUNS	16:30-17:10	Música e movemento 1	PREGAMOS PUNTUALIDADE ENTRADA/SAÍDA CLASES GRUPAIS: Portón gris, parte traseira do auditorio ENTRADA/SAÍDA CLASES DE INSTRUMENTO: Porta habitual fronte á Cafetería
	17:10-17:20	Entrega de alumnado e desinfección de aulas	
	17:20-18:00	Música e movemento 2	
XOVES	17:00-17:30	Coro infantil/xuvenil	
	17:30-17:40	Entrega de alumnado e desinfección de aulas	
	17:40-18:30	Linguaxe musical 5	
	18:30-18:40	Entrega de alumnado e desinfección de aulas	
	19:10-20:00	Linguaxe 2	
20:00-21:00	Banda infantil/xuvenil		
VENRES	16:00-16:50	Linguaxe 1	
	16:50-17:00	Entrega de alumnado e desinfección de aulas	
	17:30-18:20	Linguaxe musical 3	
	18:20-18:30	Entrega de alumnado e desinfección de aulas	
	19:00-19:50	Linguaxe musical 4	

- Nas entradas ás aulas dispórase de xel hidroalcohólico (uso obrigado) e dispórase de material hixiénico-sanitario a disposición do alumnado: termómetro de medición sen contacto; hidroxel; panos desbotables.
- Será obrigatorio o uso de máscara hixiénica ou sanitaria por parte de todo o alumnado e o equipo docente, salvo para a práctica con instrumentos de vento e vento-metal, nas que o uso modularase segundo as indicacións do profesorado. Para o caso de que algunha máscara se rompa por accidente dispórase dun fondo de máscaras de reposto que aprovisionará a Concellería de Cultura.
- O alumnado de canto e coros deberá utilizar máscara e pantalla protectora.
- Non se compartirá ningún tipo de material entre o alumnado.



- Non estará permitido saír ao aseo durante as clases.
- Os pupitres serán desinfectados antes do inicio de cada sesión. No caso da Banda Municipal e a Banda infantil/xuvenil, o uso de elementos de apoio (cadeiras ou outros obxectos) non serán compartidos polo alumnado e establecerase un proceso de limpeza e desinfección dos mesmos unha vez finalizado o seu uso.
- O alumnado da Banda Xuvenil deberá levar o seu propio atril.
- Pregamos que os familiares encargados da entrega e recollida do alumnado acudan con puntualidade e evitando a presenza anticipada na zona de saída, para evitar aglomeracións. Consideramos que, se utilizamos o tempo imprescindible para a entrega e a recollida, evitaremos a formación de grupos de espera, reduciremos riscos e estaremos coidándonos colectivamente.
- O alumnado poderá levar unha botella de auga ás clases, pero por precaución deberá estar rotulada con nome dun xeito claramente visible.

CANLES COMUNICACIÓN DE INCIDENCIAS

Establécese o seguinte correo electrónico como vía de contacto a disposición da comunidade educativa da E.M.M.S. para resolver dúbidas, comunicar incidencias e posibles ausencias relacionadas coa COVID-19:

- mcastanedosanmartin@yahoo.es

Tamén podedes contactar coa concellería de cultura en caso de que teñades que comunicar algunha outra incidencia ou suxestión en relación ao funcionamento e xestión da E.M.M.S. Para iso podedes contactar en calquera das seguintes direccións de correo electrónico:

- sada.cul@sada.gal
- omixsada@gmail.com

En caso de que a incidencia afecte ao persoal docente, o protocolo indica que primeiro porase a unha persoa substituta... pero en caso de que a incidencia ocorrese sen marxe suficiente para poñer en marcha esta medida e fose preciso suspender unha clase, enviaremos unha mensaxe de alerta a través dos datos de contacto que nos facilidades a través do formulario de inscrición. Por suposto, quedamos ao voso dispor para establecer a canle que consideredes prioritaria.

MEDIDAS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL

- O espazo de actividade aproveitarase para manter as distancias de seguridade sanitaria.
- Diseñaranse a distribución e organización das clases tendo en conta o mantemento das distancias de seguridade sanitaria.
- A organización de concertos e audicións estará supeditada ás medidas sanitarias e recomendacións de aforo vixentes en cada momento.
- MÁSCARA: obrigatorio o seu uso en todos os grupos, tanto o alumnado como o profesorado da E.M.M.S. Nas clases de canto e coro haberá que aplicar o uso da pantalla de protección en conxunto co uso da máscara. No caso das clases de instrumentos de vento e vento-metal será obrigado o uso da máscara agás nos momentos e circunstancias que autorice o profesorado, poñendo especial coidado co mantemento das distancias e coa ventilación das aulas.
- As familias poden acudir á Casa da Cultura para entregar ou recoller ao alumnado... pero tamén para realizar xestións ou titorías. Para este tipo de xestións será necesario solicitar unha cita previa a través dos correos de contacto do equipo directivo.



- **O acceso ao auditorio só estará permitido para as persoas participantes.** As persoas acompañantes farán entrega e recollida d@s nen@s dende os puntos de entrada/saída que correspondan.
- **HIXIENE DE MANS:** na entrada e saída ao auditorio será obrigatorio realizar a hixiene de mans co hidroxel. Disporase tamén un punto de hixiene próximo ao escenario, para a súa utilización durante os concertos.
- **VENTILACIÓN:** as aulas e o auditorio ventilaranse mediante a apertura de todas as súas portas e ventás, un mínimo de 10 minutos antes do comezo das sesións.
- Contarase con panos desbotables e cun recipiente con tapa para desfacerse deste tipo de refugallos.
- **CARTELERÍA:** deseñaranse paneis informativos nos que se lembrarán as medidas básicas de hixiene para todas as persoas usuarias da instalación.

PLANOS DA INSTALACIÓN CON DESCRICIÓN DE ENTRADAS E SAÍDAS E IDENTIFICACIÓN DE ESPAZOS

Incluír en anexo

XESTIÓN DE CASOS E ESPAZO “ILLAMENTO COVID”

ACTUACIÓNS PREVIAS

Non asistirán á EMMS aqueles alumn@s, persoal docente ou outros profesionais relacionados co funcionamento da Escola que presenten “síntomas compatibles coa COVID-19”. Tampouco o farán aqueles/as que se atopen en situación de illamento por diagnóstico de COVID-19 ou nun período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou con diagnóstico positivo.

Ao igual que se está a aplicar nos centros educativos de Galicia, as familias e participantes comprometeranse á realización dunha pequena auto-diagnose que terá relación coa identificación dos posibles síntomas que as autoridades sanitarias consideran como “compatibles con COVID-19”, e que reproducimos a continuación:

SÍNTOMATOLOXÍA A VIXILAR ANTES DE ACUDIR ÁS SESIÓNS DE MÚSICA	
SÍNTOMA:	ACCIÓNS:
Febre >37,5°	<ul style="list-style-type: none">• Non acudir á sesión.• Poñerse en contacto co centro de saúde.• Enviar aviso da ausencia á E.M.M. S a través das canles de comunicación.• Comunicar resultado das probas por si fose necesario valorar medidas de corentena.
Tose seca	
Dificultade respiratoria	
Diarrea	
Fatiga severa	
Dor muscular	
Falta de olfacto	
Falta de gusto	



OUTRAS INCIDENCIAS A VIXILAR	
CONVIVENCIA NAS ÚLTIMAS 2 SEMANAS CON:	Persoa con COVID-19 positivo confirmado
	Persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19

ACTUACIÓN ANTE APARICIÓN DE SÍNTOMAS

No suposto de que unha alumna/alumno comece a amosar síntomas compatibles no espazo educativo da E.M.M.S. durante unha sesión seguirase o seguinte procedemento de continxencia:

1. Levarase ao alumno/a a un espazo separado do resto do grupo. Neste caso, establécese o CAMERINO 1 da Casa da Cultura.
2. O persoal docente facilitaralle á persoa que presente síntomas unha segunda máscara (cirúrxica) para poñer sobre a súa, ou ben unha pantalla de protección. O persoal docente disporá dunha máscara de tipo FFP2 para acompañala a recoller as súas pertenzas e levala ata o espazo de separación citado.
3. Contactarase coa familia a través do tlf de contacto facilitado no modelo de inscrición e matrícula para o presente curso.
4. A familia enviará a alguén inmediatamente para recoller á nena/neno con síntomas e deberá poñerse en contacto co seu centro de saúde para solicitar unha cita pediátrica o antes posible.
5. En caso de que os síntomas que se detecten na clase fosen moi graves ou se presentase unha dificultade respiratoria importante, podería facerse unha chamada ao 061.
6. En caso de que algunha alumna ou alumno da Escola de Música presente síntomas e teña que confinarse por prescrición médica, ou ben deba facelo por ter estado en contacto próximo cunha persoa diagnosticada con COVID-19, solicitámosvos que o informedes da situación á E.M.M.S. a través dos teléfonos de contacto facilitados. A Escola valorará a posibilidade de avisar ás familias e participantes da posible anulación temporal das clases presenciais nos grupos/aulas que poidan estar afectados.

Unha vez contactado o centro de saúde a familia da persoa con síntomas seguirá as súas indicacións. O alumnado afectado por un caso non poderá retornar ás clases presenciais mentres se atope en espera do resultado dunha valoración médica, ata a confirmación de non ser un “caso positivo”. Solicitámosvos a comunicación dos resultados destes casos, para poder valorar a necesidade de que a E.M.M.S. poña en coñecemento das autoridades sanitarias aquelas situacións que poidan xerar dúbida ou preocupación e permitir así que valoren a necesidade ou non de ordenar un peche ou unha corentena.

A E.M.M.S. disporá dun plan B de tele-formación para o caso de que algún alumno ou alumna teña que pasar un período de corentena... ou ben para o caso de que a situación sanitaria obrigue ao peche da formación presencial.



MEDIDAS DE LIMPEZA

REFORZO SERVIZO LIMPEZA HABITUAL

O servizo de limpeza na Casa da Cultura foi reforzado dende o momento da saída da situación do estado de alarma, aumentando a frecuencia das limpeza e incorporando produtos de limpeza específicos.

Ademais, o servizo contempla agora a posibilidade de solicitar reforzos de limpeza puntuais ante a aparición de necesidades concretas.

REFORZO ESPECÍFICO DE LIMPEZA

O persoal responsable da xestión da Escola Municipal de Música de Sada contará con material e produtos de limpeza á súa disposición, para responder a calquera situación puntual que se poida dar durante as sesións formativas.

Isto inclúe a posible desinfección de material de apoio, como é o caso das cadeiras e pupitres, pero tamén calquera espazo que poida ser requirido de forma puntual por xerar dúbidas a criterio do profesorado a cargo das diferentes sesións formativas.